

SIMULTANEIDADE DE ESTUDIOS MÚSICA/DANZA – ESO/BACHARELATO.

DEPORTISTAS ALTO RENDIMENTO

1. CADRO DE VALIDACIÓN DE MATERIAS ESO E BACHARELATO

Ensinanzas profesionais de música e danza superadas	Materia de ESO que pode ser validada
1º curso de instrumento ou voz (1º música)	Música 2ª e Música 3ª Una única validación para las dos a la vez.
2º curso de instrumento ou voz (2º música)	Música 4ª
1º curso de música das ensinanzas profesionais danza	Música 2ª e Música 3ª
2º curso de música das ensinanzas profesionais danza	Música 4ª
Proba de acceso a calquera dos cursos das ensinanzas profesionais de música ou danza	Materia optativa dun curso
Linguaxe musical dun curso das ensinanzas profesionais de música (materia de 1º y 2º)	Materia optativa de 3ª ou 4ª
danza galega das ensinanzas profesionais de danza (materia de 1º)	Materia optativa de 3ª ou 4ª Si validou pola de 3º non puede pola de 4º: 1 materia utilízase para 1 sola validación
Os catro primeiros cursos das ensinanzas profesionais de música ou danza	Oferta curricular propia do centro na ESA (100 períodos lectivos), regulada na Orde do 24-6-2008 DOG do 23-7-2008

Ensinanzas profesionais de música e danza superadas	Materia de BACHARELATO que pode ser validada
3º curso de instrumento principal ou voz (3º música)	Linguaxe e Práctica musical (1º)
2º curso de harmonía (4º música)	Análise Musical I
1º e 2º de historia da música (4º-5º música)	Historia da Música e da Danza (2º obligatoria)
1º curso de análise (5º música)	Análise Musical II
3º curso de música (dos Estudos de Danza) (3º danza)	Linguaxe e Práctica musical (1º)
1º e 2º de historia da danza (5º-6º danza)	Anatomía Aplicada (1º)
1º e 2º de anatomía aplicada á danza (5º-6º danza)	Historia da Música e da Danza (2º obligatoria)
1º curso de orquestra, banda ou coro (1º música)	Materia optativa de 1º
2º curso de orquestra, banda ou coro (2º música)	Materia optativa de 2º
1º curso de acondicionamiento físico (1º danza)	Materia optativa de 1º
2º curso de acondicionamiento físico (2º danza)	Materia optativa de 2º

1

Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a aplicación das validacións entre determinadas materias de música e danza coas de educación secundaria, para o curso 2015/2016.

A orde do 7 de xullo de 2010 será de aplicación no curso 2015/2016 tendo en conta as seguintes consideracións:

- A) A materia optativa de 1º da ESO, do Anexo VI da orde, entenderase referida á unha materia de libre configuración.
- B) A materia optativa de 3º da ESO, do Anexo VI da orde, entenderase referida á unha das materias específicas de opción (cultura clásica ou segunda lingua estranxeira).
- C) A materia optativa de 1º de BAC, do Anexo VII da orde, entenderase referida a unha das materias específicas de opción e libre configuración contempladas no Anexo V do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

Simultaneidade de estudos música/danza – ESO/bacharelato. Deportistas alto rendemento

2. VALIDACIÓNS

- Cada materia solo poderá ser utilizada unha única vez para las validacións establecidas
- Xunto coa solicitude hai que presentar o certificado académico que acredite a superación das materias necesarias. O alumnado que curse simultaneamente os cursos correspondentes para a validación poderá presentar o certificado académico que acredite a superación das materias ata a data en que se leve a cabo a avaliación final extraordinaria (setembro). De non facelo, a materia figurará como pendente.
- Se está nun curso M-D coa materia pendente do anterior (a que serve para validar) pode solicitar validación e, se a aproba antes da avaliación final extraordinaria de ESO-B, validase a correspondente materia de ESO-B.
- Validacións de M-D a ESO-B e en sentido inverso
- Documentos de avaliación : CV validada no recadro da calificación.
- As validacións serán aplicadas pola dirección por petición dos pais á vista do certificado expedido polo centro onde cursou as materias.

3. EXENCIÓN DA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Realizar simultaneamente estudos das ensinanzas profesionais de danza	Exención total da materia de Educación Física da ESO e do BACHARELATO
Condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento	Exención total da materia de Educación Física da ESO e do BACHARELATO

2

4. EXENCIÓNS

- Acreditado por certificación do conservatorio
- Concédea a dirección. Informará ao titor, ao profesor da materia exenta e ao secretario do centro para que o teñan en conta e o recollan nos documentos de avaliación.
- Documentos de avaliación: EX. exento no recadro da calificación.

5. ADAPTACIÓNS DO CURRÍCULO NA ESO

- O alumnado matriculado na educación secundaria obrigatoria e nas ensinanzas profesionais de música ou de danza, que non obteña as validacións:
 - Adaptacións do currículo da materia de música que consistirán en medidas de ampliación.
 - Adaptacións do currículo da materia de educación física. Estas adaptacións deberán estar dirixidas a potenciar e preservar a parte anatómica relacionada co instrumento e coa práctica da danza que o alumno estea a cursar.
 - Aplicadas polos directores dos centros que impartan a ESO, a través do titor de curso, por petición dos pais, á vista do certificado académico expedido polo correspondente conservatorio de música ou de danza ou centro autorizado.

6. OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE

- O alumnado que curse simultaneamente ensinanzas regradas de música ou danza e ensinanzas de educación secundaria terá prioridade para ser admitido nos institutos de educación secundaria en

Simultaneidade de estudos música/danza – ESO/bacharelato. Deportistas alto rendemento

que se imparta a modalidade de bacharelato de artes, na súa vía específica de artes escénicas, música e danza.

- Axustes horarios facilitadores
- Os institutos de educación secundaria en que se imparta a modalidade de bacharelato de artes, na súa vía específica de artes escénicas, música e danza, organizarán unha oferta horaria consistente en agrupar as materias comúns na primeira franxa da mañá, co fin de facilitarlle ao alumnado a realización das materias específicas de música ou danza nos correspondentes conservatorios ou centros autorizados.
- Saída do alumno menor de idade do centro en que curse as ensinanzas de réxime xeral: os pais asumirán por escrito a súa total responsabilidade a partir do momento da saída do centro educativo.
- Cando o alumnado que curse ESO abandone a aula durante a impartición das materias validadas pero permaneza no centro, a xefatura de estudos establecerá os procedementos necesarios para a atención deste alumnado durante o período lectivo das ditas materias.
- Os centros de educación secundaria que non impartan a modalidade de bacharelato de artes, vía artes escénicas, música e danza, poderán dispoñer medidas de adaptación horaria para o alumnado de bacharelato que curse simultaneamente ensinanzas regradas de música ou de danza e ensinanzas de réxime xeral.

7. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto 242/2009, de 27 de febrero, por el que se establecen convalidaciones entre las enseñanzas profesionales de Música y de Danza y la Educación secundaria obligatoria y el Bachillerato, así como los efectos que sobre la materia de Educación física deben tener la condición de deportista de alto nivel o alto rendimiento y las enseñanzas profesionales de Danza. (B. O. E. do 28 de febreiro de 2009)
- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral.(D. O. G. do 15 de xullo de 2010)
- Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a aplicación das validacións entre determinadas materias de música e danza coas de educación secundaria, para o curso 2015/2016.